




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Pontedeume e Miño. Parroquia: San Miguel de Breamo, na parte oriental; Santa María de Centroña na parte central e costa noroccidental; Santiago de Boebre, na costa suroeste.; San Pedro de Perbes e San Xoán de Vilanova, de maneira escasa en sendas esquinas do centro-sur. Extensión: 1,43km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Cantís con paredes potentes e verticais, e vertente superior de perfil convexo, e inclinación suave e regular. As pendentes non adoitan superar o 20%, agás nas paredes escavadas polo río de Ventosa. O fondo da unidade é o Monte Breamo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade pertencente ao Dominio da "Serie de Ordes", composto por materiais metamórficos, xistos e cuarxozistos, de idade precámbrico-silúrica. Aparece na parte meridional unha banda de cuarcitas grafitosas en Castrelo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual por riba de 14°C e amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións acumuladas durante o ano poden chegar a 1200mm sen baixar de 1000mm. Por iso a unidade encóntrase dentro do dominio climático Cálido e Subhúmido.

OS SOLOS

Toda a unidade presenta umbrisois dístricos.

AS AUGAS

Vertente acantilada sen rede fluvial significativa, na que cómpre mencionar a pequena valga no centro da unidade que desauga nas proximidades de Punta Louseira na masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa acantilada co hábitat 1230, de cantís con vexetación das costas atlánticas, moi modificado pola presión antrópica. Tamén se desenvolve o hábitat 1210, "Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados" O 1210 aparece na plataforma rochosa e praias de pé acantilado, froito da dinámica deste. Na vertente media e alta destácase a presenza de grandes masas mixtas procedentes da degradación de carballeiras e soutos costeiros, 9230-9260. Existe un bosque de ribeira (91E0) (que ocupa unhas 4ha), máis ou menos continuo, no arroio que baixa do Monte Breamo.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O uso característico da unidade combina as actividades agrícolas propias do val cunha forte presenza forestal que descende desde o Monte Breamo, con grandes masas mixtas procedentes da degradación de carballeiras e soutos costeiros especialmente na vertente sur do val. A maioría das terras de cultivo que se conservan (cunha estrutura relativamente inalterada respecto á súa distribución tradicional, aínda que cun progresivo abandono e substitución por actividades forestais ou de pasto) aproveitan as terras baixas da vertente norte e a franxa máis próxima ao mar, onde se abre o val. Na fronte litoral, vinculada aos cantís, aparece unha frondosa vexetación propia das costas atlánticas, que percorre toda a unidade a xeito de cinto, xerando no extremo suroeste un frondoso bosque costeiro.

MORFOLOXÍA

Os núcleos principais son os de Vizús e Ventosa, situados un a continuación do outro a ambos lados do arroio no punto onde este é cruzado pola estrada C-4803. A súa estrutura e fisionomía tradicional mantéñense dentro dos núcleos orixinais, pero se está producindo un fenómeno de crecemento extensivo, especialmente cara ao norte de Ventosa, cunha tipoloxía de residencia unifamiliar illada con xardín que se apoia nas antigas estruturas parcelarias agrícolas e que non presenta funcionalidade rural ou urbana. Este desenvolvemento cruzou a liña da estrada cara ao espazo entre esta e a fronte litoral, tradicionalmente exento de edificación. O outro núcleo de poboación existente, Castrelo, encóntrase a media ladeira entre as terras de cultivo da vertente norte. O núcleo compacto orixinal foi expandíndose de maneira esponxosa polas zonas tradicionalmente dedicadas a cultivo, cunha tipoloxía máis vinculada aos labores produtivos que as que figuran na fronte costeira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada C-4803 atravesa a unidade, practicamente paralela á costa, a uns 100 metros de distancia desta, e o seu trazado non sufriu alteracións nin correccións, a pesar de presentar unha complicada xeometría ao seu paso por Vizús e Ventosa. Outra estrada, apoiada nun dos camiños tradicionais de acceso ás parcelas de cultivo, leva ata o núcleo de Castrelo discorrendo moi próxima ao curso do rego vertebrador do val. O resto de vías e estradas correspóndense con antigos camiños tradicionais sobre os que se realizaron actuacións de mellora, asfaltado ou ampliación. O ferrocarril tamén atravesa a paisaxe paralelamente á costa, cun trazado equivalente e próximo á estrada C-4803, sendo cruzada por esta nunha ocasión en Vizús.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade figura un elemento recoñecido de interese arqueolóxico e patrimonial. Trátase do Castro de Centroña (tamén coñecido como Castro de Castrelo ou Casas Vellas), de especial importancia polos vestixios achados desde principios do s.XX, como o Torque de tipo ártabro, que na actualidade se conserva no Museo Provincial de Lugo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O conxunto denominado "Cantís da Centroña" ten uns límites paisaxísticos moi fortes. Trátase dun terreo en moderada pendente cara ao mar delimitado cara ao interior polo espazo de interese paisaxístico de Monte Breamo, e sendas elevacións con cobertura boscosa tanto ao norte coma ao sur da unidade. No seu interior desenvólvese unha paisaxe de val organizada por un pequeno arroio con vexetación de ribeira ao longo do seu percorrido, con terras de cultivo na ladeira norte e na parte litoral da vertente sur. O fondo do val na ladeira sur presenta grandes masas mixtas procedentes da degradación de carballeiras e soutos costeiros. Os asentamentos de Vizús e Ventosa sitúanse a ambos lados do arroio alí onde é cruzado pola estrada C-4803, e o núcleo de Castrelo a media ladeira na vertente norte do val. Existe, vinculado aos dous primeiros, un crecemento disperso seguindo a traza da estrada.

DINÁMICA DA PAISAXE

En liñas xerais as dinámicas da paisaxe foron transformando o territorio dun xeito coherente coa propia evolución dos usos e actividades que nel se desenvolveron. O progresivo abandono dos labores agrícolas supón un cambio de uso das parcelas a labores forestais, de pasto ou incluso residenciais, pero non leva sempre implícita unha modificación da estrutura parcelaria sobre a que se sustentan. O desenvolvemento urbano é, de novo, un dos factores que máis modificacións introduce no territorio, xa que a tendencia actual que se identifica ao norte de Ventosa (crecemento extensivo con residencia unifamiliar illada) non garda relación cos parámetros tradicionais de organización do territorio.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe de Cantís de Centroña está caracterizada polo alto valor natural dos cantís que se desenvolven ao longo de toda a súa fronte litoral. O conxunto que forman a plataforma rochosa e as praias a pé acantilado xunto coas paredes verticais e a vexetación que os cobre, excepcionalmente preservado das modificacións antrópicas, fai que sexan o maior potencial desta zona. Tamén son de especial valor e singularidade os elementos e características que configuran ao Monte de Breamo como un Espazo de interese paisaxístico: a súa configuración como fito xeográfico visualmente identificable, as formacións arbóreas das súas ladeiras, os valores arqueolóxicos que conserva, axudan pois a entender o proceso tradicional de organización do territorio e as connotacións presentes no imaxinario colectivo popular como lugar de romaría de San Miguel. A conformación morfolóxica do territorio, cunhas amplas perspectivas cara ao mar e unha conexión visual forte (especialmente no primeiro tramo litoral da unidade) convérteno nun miradoiro natural da ría de Ares. Neste sentido a cima do monte Breamo recolle, ademais, a maior potencialidade como punto de acceso ao miradoiro natural cara a esta ría de Ares, e incluso, se a meteoroloxía o permite, da costa da Coruña no Golfo Ártabro.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



